

## **CONDICIÓN S QUE REXIRÁN A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AUDITORIA (CONTRATO MENOR) PARA O ANO 2026 DA FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓN S E CONGRESOS DE A ESTRADA**

**OBXECTO.** Servizo de auditoría da Fundación de Exposición s e Congresos de A Estrada correspondente ao exercicio económico **2025**. O acceso ó perfil do contratante será en <https://feiradomoble.gal/>.

**ORZAMENTO.** Existe crédito para a contratación. O valor estimado do servizo é de **2.000€**, **IVE excluído**. O presuposto desta contratación non será obxecto de revisión, xa que no cálculo do mesmo foron tidos en conta os factores económicos determinantes para manter o equilibrio financeiro do contrato durante o prazo de execución.

**DURACIÓN.** O Servizo deberá estar completamente executado no prazo de 2 meses dende a adxudicación. Non haberá revisión de prezos.

**TIPO CONTRATO.** Polo importe do servizo, con valor estimado de 2.000€ **IVE excluído**, realizarase contrato menor de servizo. O presente contrato ten carácter administrativo e rexerese polo establecido nestas condición s e na Lei de Contratos do Sector Público (LCSP). Ademais, serán de aplicación as demais disposición s estatais que regulan a contratación do sector público e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

**CAPACIDADE PARA CONTRATAR.** O adxudicatario deberá xustificar a súa capacidade para contratar coa Administración, así como xustificar a solvencia técnica e profesional do mesmo. As empresas que poden participar na contratación serán aquelas que, polo seu obxecto social e pola súa actividade mercantil, teñan relación directa co obxecto do contrato, á vista dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais, e que dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para unha debida execución das prestación s esixidas. Non está permitida a subcontratación.

**PRESENTACIÓN DAS OFERTAS.** As ofertas presentaranse na Administración da Fundación de Exposición s e Congresos de A Estrada, con domicilio en Zona Deportiva s/n de A Estrada (Pontevedra), ou por medio de correo electrónico [tesoureria@expoestrada.com](mailto:tesoureria@expoestrada.com). As propostas deberán ser presentadas nun **prazo de 10 días hábiles** dende a publicación do anuncio que se publicará na páxina web da Fundación.

Xunto coa proposta deberán presentar declaración responsable de non estar en ningún dos supostos de prohibición s para contratar coa Administración do artigo 71 da LCSP.

Tanto na oferta que formule o licitador como nos orzamentos de adxudicación entenderanse comprendidos para todos os efectos os gastos e impostos de toda índole que graven os diversos conceptos, sen que, por tanto, poida ser repercutido ningún deles como partida independente.

Serán tamén a cargo do adxudicatario o pago do importe dos gastos de publicación de anuncios e cuantos outros se ocasionasen con motivo dos trámites preparatorios e de formalización do contrato, igual que o pago de toda clase de tributos estatais e locais.

**ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.** Será o Comité Executivo da Fundación de Exposicións e Congressos de A Estrada.

**CRITERIOS PARA A VALORACIÓN DAS PROPOSTAS:** O órgano de contratación poderá adxudicar o servizo á puntuación máis elevada, en atención ós seguintes criterios:

- a) Proposición económica máis vantaxosa: **6 puntos.**
- b) Experiencia en empresas e institucións semellantes: **2 puntos.**
- c) Valoración polos traballos realizados na Fundación, así como ser colaborador da Fundación: **1 punto.**
- d) Certificacións en calidade e medio ambiente: **1 punto.**

A **puntuación máxima total será de 10 puntos.** O Comité Executivo poderá solicitar os Informes técnicos que teña por convinte para analizar a valoración das ofertas. No caso de solicitar ditos Informes, os mesmos quedarán incorporados ó expediente administrativo.

**FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.** O órgano de contratación comunicará o adxudicatario a adxudicación do contrato no prazo de tres días hábiles seguintes ó acordo de contratación. Realizarase documento privado. A adxudicación será notificada ós licitadores e simultaneamente publicada na páxina web da Fundación de Exposicións e Congressos de A Estrada.

**CONDICIÓN PARA A EXECUCIÓN DO CONTRATO.** A empresa adxudicataria presentará canta documentación lle sexa requirida pola Fundación conforme ó previsto na Lei 9/17 de Contratos do Sector Público.

**EXECUCIÓN DO CONTRATO.** O contrato executarase con suxeición ás súas cláusulas e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación indique ao contratista o órgano de contratación. O Adxudicatario designará unha persoa responsable do contrato.

A execución do contrato levarase a cabo a risco e ventura do contratista, sendo este responsable da calidade técnica do servizo, non podendo iniciarse a execución do

contrato sen a súa anterior formalización por escrito. Corresponderá á Fundación de Exposicións e Congresos de A Estrada os poderes de verificación e control da execución do contrato. O Órgano de contratación determinará si a prestación levada a cabo polo contratista se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento. Deberá cumprir as seguintes condicións:

### **Auditoría financeira das contas correspondentes ao exercicio económico 2025.**

O informe de Auditoría ten que entregarse antes do día 24 de marzo de 2026 e unha vez formalizado o contrato, o adxudicatario farase cargo da prestación do servizo.

A empresa adxudicataria deberá estar inscrita no Rexistro Oficial de Auditores de Contas (ROAC). Os traballos realizaranse conforme á normativa vixente e ás Normas Internacionais de Auditoría adoptadas en España.

**RESOLUCIÓN DO CONTRATO.** Son causas de resolución do contrato, no termos que establece o artigo 112 del RXLCAP, ademais das establecidas nos artigos 245 e 294 da LCSP, as seguintes:

- Incumprimento das obrigas ou prohibicións enumeradas no presente prego.
- A grave deficiencia na prestación do servizo por parte do adxudicatario, debidamente documentado pola Fundación.

**PAGOS AO ADXUDICATARIO.** O adxudicatario terá dereito ao abono, con arranxo aos prezos contratados, do servizo executado. O importe do servizo levado a cabo acreditarase por medio da presentación da correspondente factura, así como da documentación que, de estimarse precisa, xustifique que se levou a cabo a realización total ou parcial do contrato. Procederá a emisión da factura unha vez cumprimentada a prestación obxecto do contrato. No caso de conformidade co servizo, o responsable do contrato conformará a factura correspondente. No caso contrario, emitirá un informe da súa discrepancia, do que se dará traslado ó contratista, tendo este dereito a un período de audiencia por un prazo de 10 días, a contar a partires do día seguinte á da notificación. Simultaneamente, procederase a rexeitar a factura con indicación dos motivos. A factura quedará rexistrada como anulada no rexistro contable de facturas. O pago de prezos relativos á obra controvertida non se tramitará en tanto non se emenden as deficiencias e previa presentación de nova factura. A Fundación procederá, con carácter xeral, o abono da factura dentro dos 30 días seguintes á data de recepción da factura correspondente.